

21 / 22 / 23 SETEMBRO 2018

quincegotas

IV FESTIVAL DE
DANZA NA RÚA
DA CORUÑA



PROGRAMA

Venres 21 de setembro

- 18:30 h Contorna da Pérgola de Eiris / *Anxela Blanco Voo*
19:00 h Contorna da Pérgola de Eiris / *Proyecto Larrua Ozkol*
19:15 h Contorna da Pérgola de Eiris / *La Intrusa Billie Jean*
19:30 h Contorna da Pérgola de Eiris / *Pisando Ovos Give It A Spin*

Sábado 22 de setembro

- 10:00 h Centro Ágora / *Workshop Diego Sinniger*
12:15 h Centro Ágora / *Alejandra Aguirre* Proxección do documental *Fuera de Escena* e charla coloquio coa autora
17:45 h Hall Ágora / *Raquel Piñeiro A ti, a el*
18:00 h Hall Ágora / *Nadine Gerspacher Nua*
18:45 h Pza. dos Pescadores / *Apoio a Novos Creadores Galegos: Ser Danza Resiliencia*
19:00 h Pza. dos Mariñeiros / *Elahood Impermeable*
19:30 h Pza. dos Mariñeiros / *Cía. Exire Nexos*
19:45 h Pza. dos Mariñeiros / *Laura Arís e Álvaro Esteban Cualquier Mañana*

Domingo 23 de setembro

Santa Cruz. Concello de Oleiros

- 13:00 h Pza. Esther Pita/Parque do Emigrante / *UnaiUna Dosis*
13:10 h Pza. Esther Pita/Parque do Emigrante / *Cía. Entremans Sí quiero*
13:30 h Pza. do Castelo / *Diego Sinniger Dis-Connect*

A Coruña

- 17:15 h Pza. de María Pita / *Espazo Alicerce*
18:15 h Pza. da Constitución / *UnaiUna Dosis*
19:00 h Castelo de San Antón / *Proyecto Larrua Ozkol*
19:15 h Castelo de San Antón / *Diego Sinniger Liov*
19:35 h Castelo de San Antón / *Cía. Entremans Sí quiero*



Pérgola de Eiris: 12, 14, 20, 4, 1A / Ágora: 7, 12A, 14 / Praza de María Pita, Castelo de San Antón, Praza da Constitución: 1, 2, 2A, 3, 3A, 5, 17,23, 23A / Praza dos Mariñeiros: 7, 12A, 14 / Praza dos Pescadores: 7, 12A, 14 / Santa Cruz - Oleiros: Autos Cal Pita



Anxela Blanco Voo

Creadora e bailarina: Anxela Blanco
Asistencia na dirección: Caterina Varela
Asesoría en danza tradicional: Quique Peón
Composición musical: Germán Díaz, Purcell
Duración: 30 minutos
ESTREA ABSOLUTA

Leva máis de dez anos navegando nas artes vivas e na escena, universo ao que chega dunha forma accidental e reveladora, viña da dirección e administración de empresas. Foi artista residente en diferentes espazos de Galiza e París, Premio Injuve e Premio Emprendedor da UDC, e borseira de institucións coma a Deputación da Coruña para o programa de estudos artísticos internacionais, a residencia do Centro Coreográfico Galego ou o Fondo 0,7% da OCV da Universidade da Coruña para unha investigación nos campos de refuxiados saharais. Na súa quinta peza, *Voo*, pon o foco na necesidade de bailar e na naturalidade do feito, mentres procura as fisuras para introducir o corpo e a contemplación nesta trepidante e virtual vida posmoderna.

Sinopse

Dicía miña avoa que xa non hai tantos paxaros coma antes ou, mellor dito, que xa non se ven os paxaros bailando como bailaban.

...

Unha nova aventura a que preparo para 2018.

Voo é a quinta das miñas pezas. O quinto dos meus sós. A quinta vez que insisto no oficio da bailarina. Estase a construír como un lugar en que estar a salvo, en que bailar a salvo, en que salvarse bailando.

...

Voemos.

www.anxelablanc.org



Venres 21 de setembro. 18:30 h Contorna da Pérgola de Eiris

Proyecto Larrua Ozkoĭ

Coreografía: Jordi Vilaseca
Interpretación: Aritz López e Jordi Vilaseca
Duración: 15 minutos
ESTREA EN GALICIA



La Intrusa Billie Jean

Dirección e Coreografía: Virginia García e Damián Muñoz
Interpretación: Agnès Sales e Gísela Roset
Fotografía: Germán Antón
Duración: 15 minutos
ESTREA EN GALICIA



Proyecto Larrua é un proxecto de danza dirixido por Jordi Vilaseca e Aritz López que ten unha linguaxe propia, que une estilos, fisicalidades e disciplinas (breakdance e danza contemporánea). Un proxecto que non quere funcionar só coreograficamente, senón que quere abranguer o ámbito da pedagogía a través de workshops, obradoiros e clases, para dar a coñecer este xeito de traballar e entender a nosa danza. Unha danza que atopa similitudes na fisicalidade e na emoción entre a danza contemporánea e o breakdance, entendéndoos como unha soa danza.

Premios á compañía emerxente UmoreAzoka 2016 e candidatos aos Premios Max 2018.

Sinopse

Dous corpos que se utilizan o un ao outro como cuberta sólida e dura para se protexeren, para transportárense e, ás veces, para ocultarse. Ozkol protexe e intenta manter illada a pel grazas ao corpo do outro.

www.proyectolarrua.com

La Intrusa é unha compañía de creación artística contemporánea dirixida por Virginia García e Damián Muñoz. Celebraron os seus vinte anos en escena co recoñecemento do Premio Nacional de Danza 2015 pola súa creación artística.

O seu traballo caracterizouse, desde os seus inicios, pola capacidade de xerar espectáculos poéticos, de forte impacto visual e emocional, sempre coa vontade de empatizar co público nun ton intimista.

O punto de partida da Intrusa sempre foi un traballo de reflexións, de compartir o seu latexo vital transferíndoo á escena en metáforas de movemento, imaxes, sons e palabras.

Crean, dirixen e producen proxectos escénicos e audiovisuais polos que recibiron diferentes premios.

Premio Nacional de Danza 2015

Sinopse

Esta peza indaga na liña estreita que existe entre a obsesión por expoñerse e osmar nos demais e a necesidade de preservar e manter oculta unha privacidade probablemente non de todo perfecta.

www.laintrusadanza.com



Venres 21 de setembro. 19:00 h Contorna da Pérgola de Eiris
Domingo 23 de setembro. 19:00 h Castelo De San Antón.



Venres 21 de setembro. 19:15 h Contorna da Pérgola de Eiris

Pisando Ovos Give it a spin

Dirección e coreografía: Rut Balbís

Interpretación: Rut Balbís e Jas Processor

Música e son: Jas Processor

Fotografía: Manu Lago

Duración: 35 minutos



Diego Sinniger Workshop

Prazas Limitadas
Reserva a túa praza
en [administracion@
artestudioestencioncultural.com](mailto:administracion@artestudioestencioncultural.com)

DE BALDE

Compañía de danza contemporánea desde o 2004, residente do Teatro Ensalle de Vigo e dirixida por Rut Balbís. A base do seu proxecto artístico é a procura dunha linguaxe artística propia desde o traballo co corpo e o movemento a través da creación escénica contemporánea, reflectida no seu interese polo tratamento das imaxes e dos tempos lentos.

Até agora, son oito as creacións coas que conta a compañía e coas que participa de forma habitual nas redes de teatros autonómicas e nacionais, así como nalgúns dos festivais nacionais ou internacionais máis destacados do panorama actual das artes do movemento.

Primeiro Premio do XXI Certamen Coreográfico de Madrid no 2007 cun extracto da súa peza No Intre 1800.

Sinopse

É a proposta de Pisando Ovos para espazos non convencionais en que música e movemento, desde os seus estados máis puros se encontran a través do diálogo entre un DJ e dunha bailarina. Unha conversa baseada no darlle unha volta, no xiro continuo, na repetición e transformación do movemento e do son. Un encontro onde os corpos se soportan e resisten baixo a forma dun abrazo continuo. Para a ocasión, contamos coa colaboración especial do DJ Jas Processor.

www.pisandoovos.com

Este workshop propón diferentes accións/exercicios para desenvolver desde a consciencia un material que implique a sucesión de movementos polo espazo sen deixar que o xuízo interveña na realización do movemento. Nos seus anos como pedagogo, Diego Sinniger ve cada vez máis como o bailarín está en ou na busca interna do que poderíamos denominar como "movemento persoal".

ra cada persoa, é todo un universo, o seu universo. Por iso, durante o workshop, pasamos por pequenas pinceladas de teatro e interpretación, para nos podermos desinhibir máis e adquirir un estado que se reflecta unicamente a través do movemento e non a través dunha estética ou unha superficialidade que non xere ningún tipo de emoción.

Observaremos que nos centramos basicamente no corpo e na aprendizaxe para superar os nosos límites e para permitírnos saír da zona de confort. Traballaranse 5 puntos clave:

- Consciencia do noso corpo.
- Quentamento e exploración da nosa capacidade muscular.
- Reforzo físico, realizado desde técnicas das artes marciais ou psicomotricidade avanzada.
- Desenvolvemento sensitivo extraendo o sentido da vista (os ollos).
- Repertorio.



Venres 21 de setembro. 19:30 h Contorna da Pérgola de Eirís



Sábado 22 de setembro. 10:00 h Centro Ágora

Alejandra Aguirre

Fuera de escena

Proxección do documental Fuera de Escena e charla coloquio coa autora
Documental: Fuera de Escena
Autora: Alejandra Aguirre



Raquel Piñeiro

A ti, a el

Coreografía e interpretación: Raquel Piñeiro
Asistencia de coreografía: Armando Martín
Duración: 8 min

Alejandra Aguirre Ordóñez, documentalista cubana radicada fai máis dunha década en España. Etiquetada como cineasta desde a súa primeira película no 2005, séntese máis próxima ao universo das letras e á socioloxía que ao sector audiovisual.

Fuera de Escena (2016) é o seu documental máis recente. A partir da súa estrea no Festival Internacional de Cine da Habana, tivo un percorrido interesante por diversos festivais de cine e certames próximos á danza. Actualmente colabora como autora en Havana Cultura, espazo de produción, difusión e distribución da expresión máis representativa da arte contemporánea en Cuba e é columnista na Revista Iberoamericana Arte por Excelencias.

Sinopse

Durante cinco anos, unha cámara recolle a cotianeidade de Danza Contemporánea de Cuba, unha das compañías máis emblemáticas da escena habanera. Ensaíos, montaxes coreográficas e xiras son os espazos e circunstancias desta película dedicada non só a danza, senón (e sobre todo) a quen o fai posible: os intérpretes.

Que é un bailarín? Non hai resposta simple nin unívoca pero todas pasan polo corpo, o instinto, o movemento e a relación da/o artista coa escena.

No fondo está A Habana actual. O discurso verbal e cinético remite constantemente á Cuba contemporánea mais tamén outros fondos europeos xorden da man de bailaríns radicados en Bruxelas, Galicia ou Berlín. É imposible falar do corpo se este non se sitúa nun tempo e un lugar. A danza é un síntoma de presenza viva.

Raquel Piñeiro é unha bailarina formada pola Fundación Escuela de Danza de Caracas e Fundación Gustavo Franklin. Traballou durante varios anos como bailarina e profesora de danza no Taller de Danza de Caracas e máis tarde traballou na Compañía Nacional de Danza de Venezuela. Participou, tamén, en coreografías de diferentes compañías independentes e na película venezolana *Azul y no tan rosa*, ganadora de varios premios, entre eles o Goya á Mellor Película Hispanoamericana.

Sinopse

Aínda segues, aínda te acendes, eu que non puiden amarte (a ti)

E aí quedou todo, todo de min pero nada de ti. Ti seguiches, eu detivenme (a el)

Esta peza está incluída no apartado de Apoio a Novos Creadores/as Galegos/as e conta co asesoramento artístico do festival, así como con axuda na súa distribución posterior.



Sábado 22 de setembro. 12:15 h Centro Ágora



Sábado 22 de setembro. 17:45 h Hall Ágora

Nadine Gerspacher Nua

Dirección e dramaturxia: Anna Castells
Coreografía e Interpretación: Nadine Gerspacher
Fotografía: Marta Cortés Fernández
Duración: 30 minutos



Ser Danza Resiliencia

Coreografía: Ana Serantes
Interpretación: Raquel Piñeiro, Ana Serantes e Inés Vieites
Música orixinal: Iago Mourino
Duración: 12 min
ESTREA ABSOLUTA

Cía. Nadine Gerspacher é un proxecto creativo cuxo traballo se define de varias formas. A compañía é unha plataforma para as súas creacións propias, así como para as súas colaboracións con outros artistas, conservatorios e diversas compañías de danza. As creacións da compañía inspíranse no cotián do vivir; o teatro físico convértese nun eixe central. Ela concibe pequenos mundos poboados por personaxes onde o absurdo, a poesía e a fisicalidade se combinan narrativamente. O humor, a transformación e a vulnerabilidade son partes esenciais das súas pezas. As pezas vivencian sorprendentes e irresistibles escenas coa idea de implicar o público emocionalmente.

Sinopse

Nua é a historia de Madame Lou, unha muller que espera. Unha nena que xa non soña. Perdida no tempo. A peza reflicte a trivialidade e o efémero da existencia humana. Fala do baleiro e do desexo. E si, tamén fala da estupidez que podemos chegar a envolver. Madame Lou invítate a viaxares no seu tempo de espera. Espera.

www.cianadinegerspacher.com

A compañía Ser Danza xorde como proxecto persoal e coreográfico de Ana Serantes, baseado na danza contemporánea e neoclásica pero sen barreiras coreográficas. Grazas ao Festival Quincegotas e ao seu apoio a novos creadores, únense tres bailarinas para crear a peza Resiliencia, con estrea absoluta para o festival:

- Raquel Piñeiro, bailarina formada pola Fundación Escuela de Danza de Caracas, coa que tamén participou en montaxes nacionais e internacionais, bailarina da Compañía Nacional de Danza e invitada pola Compañía Sieteocho.
- Ana Serantes, bailarina e coreógrafa da peza. Graduada pola URJC e cunha traxectoria profesional especializada na danza clásica, en compañías como: Ballet Nacional Dominicano, Ballet Concierto Puerto Rico ou Ballet Neo en NY; e colaboracións co Centro Coreográfico Galego e coa Nova Galega de Danza.
- Inés Vieites, bailarina graduada pola URJC con mestría en Artes Escénicas, traballou, entre outras, coa compañía Transit Danza, Iker Gómez, Centro Coreográfico Galego e Nova Galega de Danza. Premio en 2014 ao Talento Artístico pola URJC.

Sinopse

A resiliencia é a capacidade de afrontar as adversidades da vida, transformar a dor en forza, para superarse e saír, incluso, fortalecido delas. As persoas resilientes entenden que son as autoras da súa propia alegría e do seu propio destino.

Esta peza está incluída no apartado de Apoio a Novos Creadores/as Galegos/as e conta co asesoramento artístico do festival, así como con axuda na súa distribución posterior.



Sábado 22 de setembro. 18:00 h Hall Ágora



Sábado 22 de setembro. 18:45 h Praza dos Pescadores

Elahood Im- permeable

Coreografía, dirección e interpretación: Elahood (Sabela Domínguez Pérez e Julia Laport Rivas)
Duración: 9 minutos



Cía. Exire Nexos

Creación e interpretación: Estefanía Gómez e Alba Fernández
Asesoramento coreográfico: Chey Jurado
Duración: 18 minutos

Elahood é unha compañía emerxente galega de danza urbana fundada en xaneiro de 2017 por Sabela Domínguez Pérez e Julia Laport Rivas. Nace co obxectivo de desenvolver a súa visión artística, compartir as súas ideas e promover a danza urbana en Galicia. Empregando os distintos recursos que aprenden ao longo das súas carreiras, Elahood desenvolve o seu propio vocabulario de movemento; un vocabulario baseado principalmente nas danzas urbanas como o hip hop, o waacking, o popping ou o house pero con grandes influencias doutras correntes de movemento. Elahood sérvese desta linguaxe para reflectir emocións crúas e crea un estilo de arte moi cercano e accesible co que tratan temáticas sociais coas que se senten comprometidas.

Sínope

Impermeable (substancia) que non permite o paso da humidade, a auga ou outro líquido. (Persoa) que é indiferente a una emoción ou un sentimento.

www.facebook.com/elahoodance

Exire é unha compañía de Danza Urbana e Contemporánea que reside na Coruña. Ten máis de 10 anos de experiencia en Artes Escénicas e leva xirando por toda a xeografía galega desde 2006. Está formada polas creadoras Estefanía Gómez e Alba Fernández. No 2016 a Compañía adquire este nome "Exire" con motivo do seu décimo aniversario e co obxectivo de darlle unha nova perspectiva con novos proxectos e ilusións. Colabora a nivel persoal con outras compañías, coma Entremans, As Tricotouses, Elefante Elegante, Artestudio Teatro e Nova Galega de Danza.

Sínope

Nexos desvélanos a complicidade que existe entre dúas persoas, as súas memorias compartidas, a busca incesante desa lembranza que as sostén no tempo. Percorrido polos momentos que quedaron gravados no noso corpo e deixan ver a dous seres reais, imperfectos, peculiares, fermosos... Soltamos o peso da mirada dos outros e recoñecemos para amosar o que escollemos ser. Á fin e ao cabo, desfrutar de ser un mesmo, a única persoa coa que se está obrigado a vivir.

www.ciaexire.blogspot.com



Sábado 22 de setembro. 19:00 h Praza dos Pescadores



Sábado 22 de setembro. 19:30 h Praza dos Mariñeiros

Laura Arís e Álvaro Esteban

Cualquier Mañana

Dirección, coreografía e interpretación: Laura Arís e Álvaro Esteban

Duración: 18 minutos

ESTREA EN GALICIA



Cualquier Mañana é o resultado da colaboración entre dous artistas independentes que se xuntan baixo o marco de "Anatomía das cousas rotas", definido por Laura Arís dentro dunha curiosidade persoal que a levou a desenvolver outros proxectos baixo o mesmo concepto.

Laura Arís é intérprete, coreógrafa e recoñecida mestra internacional. Durante os últimos sete anos, exerce como artista independente ao desenvolver a súa propia práctica creativa. Mantén interese no desenvolvemento dun diálogo fluído entre a danza contemporánea e outras disciplinas.

Álvaro Esteban forma parte das compañías Daniel Abreu e CocoonDance e participa en proxectos e colaboracións que constrúen dúos con amplas xiras internacionais como: *Cuadra T*, peza creada xunto a Natxo Montero e finalista no Certame Coreográfico de Madrid 2008 e *Entomo*, peza multi premiada creada xunto a Elías Aguirre con máis de 100 representacións.

Sínope

Un dúo intimista. Unha reflexión sobre a tristura natural das cousas rotas. Unha mañá calquera en que as pezas do puzzle non encaixan como unha vez fixeran. Unha viaxe física ao presente para se dar conta de que o pasado non volverá "En equilibrio precario cando un par de palabras, un xesto, un estalo, un feito fortuíto ou casual, cando un simple murmuro pode inclinar a balanza. Ás veces, os nosos puntos de referencia desaparecen, e só deixan agallas, o visceral".

www.lauraaris.com/alvaro-esteban-esp/

 **Sábado 22 de setembro.** 19:45 h Praza dos Mariñeiros



UnaiUna

Dosis

Dirección, coreografía e interpretación: UnaiUna (Laura Lliteras e Marina Fullana)
Duración: 10 minutos


A Compañía UnaiUna xorde da relación de dúas mulleres moi diferentes pero que á vez son unha mesma. Laura Lliteras e Marina Fullana compartiron a súa formación como intérpretes e coreógrafas cursando o grao profesional de Danza Clásica (Conservatorio de Mallorca), o grao profesional de Danza Contemporánea e o grao superior de Coreografía (Institut do Teatre). Despois, entran no elenco da nova compañía ITdansa. A primeira peza que crearon foi *Dosis*, que obtivo o premio Art Jove de Dansa Contemporània Balears e o premio SóloDos en Danza España, cunha xira por Costa Rica e que foi bailada en varios puntos de España e Europa. Outra peza creada recentemente é *All inclusive*, peza de sala ou rúa, que está rodando en diferentes puntos de España. Actualmente, están traballando nunha nova peza que estrearán este maio: *Galejar*, traballo que fala da relación do corpo e a voz.

Sínope

Traballo baseado na tolemia que toda muller ten. Nas relacións e os diferentes estados que vive. Os dous corpos xogan a ser un con dous roles distintos, entrelázanse e buscan puntos de inflexión común onde ambas se cruzan mentres percorren o seu camiño persoal. Puntos de relación que acaban sendo aditivos e necesarios, que tranforman unha relación vital nun escape para sobrevivir.

www.facebook.com/ciaunaiauna

Domingo 23 de setembro.

 13: 00 h Praza Esther Pita/Parque do Emigrante (Sta. Cruz-Oleiros)
18:15 h Praza da Constitución (A Coruña)

Cía. Entremans Sí quiero

Dirección, coreografía e
interpretación: Ana Beatriz Pérez e
Armando Martín
Duración: 15 minutos



Diego Sinniger Dis- Connect

Dirección e coreografía: Lali Ayguadé e
Diego Sinniger
Interpretación: Diego Sinniger
Duración: 13 minutos

Entremans é unha compañía de danza contemporánea creada no 2006 por bailaríns cubanos residentes en Galicia. Mantén unha filosofía de traballo de grupo onde a creación e dirección artística xeralmente se realizan en colectivo, o que fai que non poida definirse como unha compañía ao uso. Combinan as súas producións con labores formativos, colaboracións teatrais e asistencias coreográficas.

Sinopse

Rodando volves a atopar un pedazo de min que quedou atragoado na túa gorxa, estou cerca... medindo as distancias, agora podes respirar os perdóns que nos devolvemos despotricando bicos sen esquecer que sempre seremos dous nunha mesma roda...

www.ciaentremans.com

Diego Sinniger é un bailarín híbrido. De moi novo, apaixónase polo hip hop e pola cultura urbana. Decide formarse en varias técnicas de hip hop na escola Varium (Barcelona). Moi rápido, as súas inquietudes polo corpo e o movemento lévano a profundar a súa formación con técnicas de danza contemporánea. Como artista versátil e prometedor, integra grupos de danza como Brodas, Cobosmika, Lali Ayguadé, Roser López Espinosa, Uniq e Dblock, entre outros.

Sinopse

Todo ser humano se atopa nalgún momento en situacións de loita interna, onde loita contra si mesmo para non caer no abismo do medo ou na desolación, por iso todas e todos nós, nese pequeno instante de incerteza somos capaces de escoller, definir e aceptar a nosa elección de tomar o control ou de ser controlados unicamente polos nosos pensamentos negativos, onde o amor non ten nin voz nin voto.

www.redescena.net/compania/38581/diego-sinniger/

Domingo 23 de setembro.

13:10 h Praza Esther Pita/Parque do Emigrante (Sta. Cruz-Oleiros)
19:35 h Castelo de San Antón (A Coruña)



Domingo 23 de setembro. 13:30 h Praza do Castelo (Sta. Cruz-Oleiros)

Diego Sinniger

LioV

Coreografía e interpretación: Diego Sinniger e Kiko López
Duración: 20 minutos



Espazo

Alicerce

Diego Sinniger é un bailarín híbrido. De moi novo, apaixónase polo hip hop e pola cultura urbana. Decide formarse en varias técnicas de hip hop na escola Varium (Barcelona). Moi rápido, as súas inquietudes polo corpo e o movemento lévano a profundar a súa formación con técnicas de danza contemporánea. Como artista versátil e prometedor, integra grupos de danza como Brodas, Cobosmika, Lali Ayguadé, Roser López Espinosa, Uniq e Dblock, entre outros.

Sinopse

LIOV reflexiona sobre o impacto que causa en nós a vivencia de experiencias de loita interna e externa e ofrece así unha dobre lectura: por unha banda, representa a loita íntima e a dualidade que habita en todas/os nós cando queremos deixar ir o que nos pesa e seguir avanzando na vida con enteiraza e liberdade. Por outra banda, mostra como os nosos conflitos internos se proxectan tamén sobre as nosas relacións e expón a fina liña que pode existir entre o amor e a violencia, entre vítima e agresor, entre o desexo e o abuso..

www.redescena.net/compania/38581/diego-sinniger/

O Festival quere ofrecer para esta edición como novidade o Espazo Alicerce, un espazo onde intervirán as aulas de danza de conservatorios, escolas e universidades e servirá para expor o labor de formación e a liña de traballo de cada centro invitado. Alumnas e alumnos, novos e non tan novos, mostrarán as súas propostas dentro dun marco profesional, co que se xerará un intercambio de experiencias onde a paixón pola danza seguirá sendo o motor da aprendizaxe.



Domingo 23 de setembro. 19:15 h Castelo de San Antón



Domingo 23 de setembro. 17:15 h Praza de María Pita

21 / 22 / 23 SETEMBRO 2018

quincegotas

FESTIVAL DE
DANZA NA RÚA
DA CORUÑA

A danza volve a escapar dos seus escenarios habituais e instálase nas rúas e nas prazas da Coruña para se converter nun elemento máis nos espazos de convivencia cotiá da cidade. O Festival Quincegotas leva a danza lonxe das butacas dos teatros e preto da veciñanza, que poderá gozar de tres días con algunhas das mellores compañías de danza de Galicia e de fóra da comunidade.

Quincegotas trasladará a danza a novos espazos da cidade realizando un percorrido que cambia en cada edición para que todos os barrios da Coruña sexan escenarios improvisados. A danza tamén chegará ao Concello de Oleiros e, como novidades, haberá un espazo destinado a conservatorios, escolas e universidades e que servirá para expor o labor de formación e a liña de traballo de cada centro. 12 compañías, estreas en Galicia, estreas absolutas, máis actuacións, workshops, proxeccións... Tras o éxito dos anos anteriores, chega a cuarta edición de Quincegotas, Festival de Danza na Rúa, con máis novidades e danza que nunca.

www.quincegotas.com



CORUÑA
>PRÓXIMA



Cía.Entremans

